

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

16031 *Real decreto 784/2021, do 7 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras.*

I

A disposición adicional oitava da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, habilitou o Goberno para levar a cabo un desenvolvemento regulamentario dirixido a prever un rexistro especial para os buques históricos, así como un réxime simplificado de certificación e inspección. Este é o propósito deste real decreto, que se aproba con esa finalidade de proporcionar o necesario apoio e protección deses buques históricos que, como sinalaba a exposición de motivos da Lei de navegación marítima, son «parte do patrimonio cultural de España.»

Coa aprobación desta norma, España incorpórase ao grupo de países da nosa contorna que prevén un trato específico aos seus buques e embarcacións tradicionais e históricos. Con iso ponse fin ao baleiro que ata o de agora existía no noso ordenamento xurídico en relación con estas embarcacións e buques e as súas reproducións.

A nova regulación inspírase nos convenios internacionais sobre a protección do patrimonio histórico, artístico e cultural. Entre eles destaca a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial de 2003, aprobada pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco). Con carácter non normativo, débese subliñar o valor da Recomendación 1486/2000 do Parlamento Europeo, sobre o patrimonio marítimo e fluvial.

De especial interese resulta a chamada «Barcelona Charter» (Carta europea para a conservación e restauración dos barcos tradicionais que navegan, 2002), que se recoñece como unha guía europea para a conservación e restauración dos buques históricos que aínda navegan e que se elaborou baixo a dirección técnica da asociación European Maritime Heritage (EMH).

As anteriores referencias cómpre engadir o libro verde «Cara a unha futura política marítima da Unión», o Manifesto en favor do patrimonio marítimo flotante do Estado español ou a Declaración de Xixón no marco do Día marítimo europeo do 20 de maio de 2010.

España asinou no ano 2005 o Memorando de entendemento sobre o recoñecemento mutuo de certificados para a operación segura de barcos tradicionais en augas europeas e de certificados de competencia para tripulacións en barcos tradicionais, coñecido como Wilhemshaven Mou (Memorandum of understanding for traditional ships). Trátase dun acordo asinado polas administracións marítimas de Dinamarca, Estonia, Finlandia, Alemaña, Países Baixos, Noruega, España, Suecia e Reino Unido, que supuxo por primeira vez a adopción dunhas condicións mínimas de seguridade marítima para os buques e embarcacións tradicionais e históricos e o seu recoñecemento público.

Neste contexto, explícase a necesidade de contar cunha regulación de ámbito nacional específica que poña fin ás disfuncións que se viñan constatando para a conservación e recuperación de buques históricos. Tamén é propósito desta norma apoiar a preservación de técnicas ou métodos artesáns tradicionais de construción de embarcacións que se poderían encontrar en vías de desaparición debido á súa complexidade. E, en último termo, preténdese recoñecer e apoiar o labor que particulares e asociacións levan a cabo para preservaren esta tradición náutica, nun país cunha vocación e historia marítimas tan importante como España.

II

O novo regulamento precisa as circunstancias que determinan a cualificación dun buque, embarcación ou da súa reprodución senlleira, como histórico. Estas circunstancias pasan pola inclusión no Inventario xeral de bens mobles do patrimonio histórico español ou a súa declaración de interese cultural. A eles hanse sumar outros buques ou embarcacións cuxo valor reside en diversos factores, como son o tipo de construción, a súa tecnoloxía ou a técnica artesanal empregada. Tamén se ten en conta a súa relación con actividades marítimas significativas de España, que pertencesen a algunha autoridade relevante ou intervención nalgún acontecemento de transcendencia histórica. A antigüidade do buque ou embarcación tamén se toma en consideración e é un elemento esencial das definicións de iates ou barcos clásicos, barcos de época e os barcos tradicionais senlleiros, que se inclúen neste regulamento.

Inclúense dentro do ámbito da norma as reproducións senlleiras de buques e embarcacións históricos, que se definen co propósito de delimitar aquelas que merecen este réxime de certificación e inspección. Para as réplicas trátase de combinar a exigencia de rigor histórico nelas coa construción con técnicas modernas que comportan a combinación de novos materiais (como a fibra de vidro) cun recubrimento de madeira, o emprego de motores ou outras adaptacións de equipamentos e interiores.

En atención á contribución que supoñen para a divulgación deste patrimonio cultural, inclúense dentro da norma as reproducións dixitais dos buques e embarcacións históricos, aínda que para remitir o seu réxime de protección ao propio da propiedade intelectual.

III

O Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras é o instrumento central para identificar estes barcos e controlar o cumprimento dos requisitos establecidos.

A documentación que se lles exige a estes buques e embarcacións históricos e ás súas reproducións senlleiras tamén é obxecto de simplificación. Así se manifesta de maneira especial no certificado de cumprimento, esencial para estes buques e embarcacións, no cal se unifican outros certificados exigidos con carácter xeral, e que trata de se adaptar ás características propias da embarcación. O mesmo sucede co réxime de inspección e certificación que se prevé para os buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

Péchase a norma cunhas previsións sobre axudas e beneficios de que poderán gozar os buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras que, debido á reserva de lei que consagra a nosa Constitución en materia tributaria, deberán ser completadas por normas co rango exigido.

IV

En definitiva, con esta regulación preténdese dar un paso adiante na protección e promoción deste importante patrimonio do noso país ao cal, de maneira progresiva, se debe prestar maior atención.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estes principios son os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Neste sentido, este real decreto persegue un interese xeral ao dar cumprimento ao mandato da disposición adicional oitava da Lei de navegación marítima, e dotar con iso dun marco normativo os buques ou embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras. A norma aprobada límitase a conter a regulación imprescindible para atender as necesidades deste sector da navegación e da protección do patrimonio marítimo español. Con este fin establécese unha regulación flexible, coas únicas restricións que

exixen a seguridade da vida humana no mar, a da navegación e a protección do ambiente mariño.

A norma é respectuosa co ordenamento xurídico nacional e internacional, pois as cargas administrativas que se introducen son as mínimas e indispensables para a adecuada consecución dos fins do real decreto. Igualmente, en cumprimento do principio de transparencia, durante o seu procedemento de elaboración favoreceuse a participación activa dos potenciais destinatarios da norma.

Finalmente, destácase que esta norma foi redactada e estruturada seguindo principios de linguaxe xurídica clara, que perseguen a súa mellor comprensión por parte do conxunto dos cidadáns.

De conformidade co disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución española, este real decreto dítase de acordo coa competencia exclusiva que ten o Estado en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques. Así mesmo, o artigo 13 e o capítulo V ampáranse no previsto no artigo 149.2 da Constitución española, que establece que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas.

No procedemento de elaboración deste real decreto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, sobre a potestade regulamentaria. A norma cumpriu os trámites de consulta pública previa, de audiencia e de información pública do sector afectado. Someteuse a consulta das comunidades autónomas e solicitouse informe do Ministerio de Política Territorial e Función Pública relativo á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, así como doutros ministerios que se poidan ver afectados pola materia.

En virtude do exposto, por proposta da ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

Apróbase o Regulamento de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras, que se insire a continuación.

Disposición transitoria primeira. Réxime de despacho dos buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

Ata a modificación da Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre despacho de buques, os buques ou embarcacións históricos que teñan tripulación profesional suxeitaranse ao réxime de despacho por tempo. O período de validez deste despacho corresponderase co dos certificados obrigatorios do buque ou embarcación.

Disposición transitoria segunda. Prazo para tramitar a inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

As solicitudes de inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras presentadas desde a entrada en vigor deste real decreto ata o 1 de novembro de 2022 resolveranse e notificaranse no prazo máximo de seis (6) meses. Pasada esa data, aplicarase o prazo previsto no artigo 8 do Regulamento de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de mariña mercante, de acordo co disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

O artigo 13 e o capítulo V ampáranse, ademais, no previsto no artigo 149.2 da Constitución, como actividade de fomento e apoio a buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras como manifestacións culturais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de novembro de 2021.

Dado en Madrid o 7 de setembro de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
RAQUEL SÁNCHEZ JIMÉNEZ

REGULAMENTO DE BUQUES E EMBARCACIONES HISTÓRICOS E AS SÚAS REPRODUCCIÓNS SENLLEIRAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais**Artigo 1. *Obxecto.***

Este regulamento ten por obxecto a adopción de medidas de protección e apoio para a conservación de buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras, mediante a regulación do seu rexistro, a súa documentación e o establecemento dun réxime simplificado de certificación e inspección.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento será de aplicación aos buques e embarcacións históricas e ás súas reproducións senlleiras.

Artigo 3. *Concepto de buque e embarcación históricas.*

Os buques ou embarcacións poderán ter valor histórico:

a) Pola súa pertenza ao patrimonio histórico español, determinada pola súa inclusión no Inventario xeral de bens mobles do patrimonio histórico español, ou por seren declarados de interese cultural.

b) Pola súa consideración como barco clásico, de época ou tradicional senlleiro, de acordo coas definicións do artigo seguinte, cando concorran neles algunha ou algunhas destas circunstancias:

1.º Formen parte dun tipo de construción específico que deixou de producirse ou é practicamente inexistente.

2.º Fosen construídos utilizando unha tecnoloxía especial ou conforme unha técnica artesá tradicional, con independencia de que siga sendo empregada.

3.º Pola súa relación con actividades marítimas significativas de España, por mor do seu valor cultural, histórico, científico, técnico, estético ou de uso.

4.º Por pertencer ou estar relacionados con algunha autoridade relevante ou por intervir nalgún acontecemento de transcendencia histórica.

Artigo 4. *Concepto de barco clásico, de época ou tradicional senlleiro.*

1. Enténdese por barco clásico aquel propulsado por vela ou motor destinado á náutica de lecer e construído en madeira ou materiais metálicos con anterioridade ao ano 1975.

Considéranse tamén barcos clásicos as réplicas posteriores baseadas en planos e materiais acordes coa época anterior a 1975. Exclúense aqueles construídos en serie.

2. Enténdese por barco de época aquel construído en madeira ou metal e botado antes do 31 de decembro de 1949.

3. Enténdese por barco tradicional senlleiro aquel que teña unha significación cultural especial na historia mariñeira de España, construído con anterioridade ao ano 1975. A significación cultural derivará de que o barco supoña unha manifestación de habilidades mariñeiras e técnicas de construción tradicionais.

Artigo 5. *Concepto de reprodución senlleira.*

1. As reproducións senlleiras de buques e embarcacións históricos poderán ser de dous tipos:

- a) Unha reprodución senlleira tipo, que é aquela que reproduce as características coñecidas dun determinado buque ou tipo de buque.
- b) Unha reprodución senlleira operacional, que é aquela cuxa finalidade principal é mostrar a forma en que operaba o orixinal reproducido, coas mínimas adaptacións necesarias.

2. As reproducións senlleiras de buques e embarcacións históricos deberán ser o máis fieis posibles ao buque ou embarcación orixinal e poderanse aceptar variacións nas técnicas e materiais utilizados na súa construción, no seu deseño, no casco, no aparello, no seu velame e demais elementos auxiliares ou menores.

3. As reproducións senlleiras de buques ou embarcacións históricos desenvolvidas por medios electrónicos ou en soporte dixital regularanse polo disposto na lexislación en materia de propiedade intelectual.

CAPÍTULO II

Do Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras

Artigo 6. *O Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.*

1. O Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras terá carácter público e constituirase como unha base de datos informatizada accesible a través do sitio web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. O Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras intégrase dentro do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e depende da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. A xestión do Rexistro corresponde á Subdirección Xeral de Seguridade, Contaminación e Inspección da Dirección Xeral da Mariña Mercante, que terá a condición de responsable do Rexistro, para os efectos do previsto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

4. O Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras coordinarase coa Sección de Buques do Rexistro de Bens Mobles en relación coas inscricións que, nos termos previstos na Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, se efectúen sobre as titularidades e gravames sobre os buques, embarcacións e artefactos navais.

Artigo 7. *Solicitud de inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.*

1. A solicitude de inscrición poderaa promover o propietario, o navieiro ou o armador do buque ou embarcación utilizando o formulario normalizado dispoñible para tal fin.

A solicitude presentarase a través da sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Os suxeitos non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán tamén dirixir a súa solicitude de maneira presencial a este ministerio en calquera dos lugares que se citan no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Na solicitude de inscrición faranse constar:
 - a) O nome e os apelidos ou denominación social do propietario, navieiro ou armador, enderezo electrónico e domicilio para efectos de notificacións.
 - b) A identificación do buque ou embarcación.
 - c) A pertenza ao patrimonio histórico español ou a súa consideración como barco clásico, de época ou tradicional senlleiro.
 - d) A concorrencia dalgunha ou dalgunhas das circunstancias que determinan a súa consideración como buque ou embarcación histórico ou como reprodución senlleira, de acordo cos artigos 3, 4 e 5.
 - e) Os datos técnicos e históricos do buque ou embarcación.
 - f) O estado de conservación do buque ou embarcación, no cal se fará constar se polo menos o 70 por cento da estrutura do casco é orixinal. Se esa porcentaxe de estrutura orixinal é inferior, deberase acreditar a relevancia histórica do buque ou embarcación, de acordo cos criterios dos artigos 3 e 4.
 - g) O tipo de navegación e actividades, uso ou explotación de que sexan obxecto, relacionada coa clasificación xeral do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.
 - h) O porto de atracada habitual onde se encontra o buque ou embarcación, para efectos de comprobacións por parte da Administración marítima.

En caso de cambio de pavillón, deberase xuntar o certificado de baixa no Rexistro estranxeiro de procedencia.

Á solicitude xuntaranse os documentos que acrediten as circunstancias indicadas. Entre esta documentación incluíranse, entre outros, fotografías, planos ou proxectos de construción, transformación, reforma ou reparación do buque ou embarcación.

3. Os buques e embarcacións que pertencen ao patrimonio histórico español inscribíranse de maneira automática, acreditada esa circunstancia e unha vez achegada a información indicada no punto anterior.

4. Para a inscrición das reproducións senlleiras deberase acreditar o seu grao de fidelidade ao buque ou embarcación histórico que duplican e que o proxecto para a súa construción foi obxecto dunha investigación e análise rigorosas.

Artigo 8. *Tramitación e resolución da inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.*

1. O prazo máximo para acordar a inscrición no Rexistro ou a súa denegación e para a súa notificación será de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no Rexistro da Dirección Xeral da Mariña Mercante ou no Rexistro da capitanía ou distrito marítimo. Esta resolución corresponderá:

- a) Ao órgano encargado da xestión do Rexistro cando se trate dun buque de eslora (L) igual ou superior a 24 metros.
- b) Ao responsable do distrito marítimo ou, na súa falta, da capitanía marítima cando se trate dunha embarcación de eslora (L) inferior a 24 metros.

2. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase que a solicitude de inscrición foi estimada por silencio administrativo.

Contra a resolución que acorde ou denegue a inscrición poderase interpoñer recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante.

3. A inscrición neste rexistro supoñerá o abandeiramento en España do buque ou embarcación e a aplicación do réxime de certificación e inspección que se regula neste regulamento.

Artigo 9. *Valoración do carácter histórico dun buque ou embarcación para efectos da súa inscrición no Rexistro.*

1. Admitida a solicitude, o Servizo de Inspección da capitanía marítima onde se encontre o buque ou embarcación verificarán o seu estado de conservación e as circunstancias expostas para a súa cualificación como histórico.

Este exame do buque ou embarcación incluírá a comprobación da estrutura do casco.

O inspector enviará o seu informe nun prazo máximo de vinte (20) días contados desde que se lle encomendou levar a cabo a verificación do carácter histórico do buque ou embarcación. En caso de resultado satisfactorio, a inscrición efectuarase nun prazo máximo de vinte días desde a finalización da actividade inspectora.

2. Cando xurdan dúbidas sobre o carácter histórico dun buque ou embarcación, abrírase un período de proba, de acordo co disposto no artigo 77.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Para tal fin, poderase solicitar, entre outros, o criterio dun especialista de calquera dos museos navais e marítimos españois.

Artigo 10. *Inscrición de buques e embarcacións pesqueiros no Rexistro.*

A inscrición no Rexistro dos buques e embarcacións pesqueiros históricos e as súas reproducións senlleiras implicará a baixa automática no Censo da frota pesqueira operativa e terá os mesmos efectos e beneficios que o despezamento.

Artigo 11. *Publicidade da documentación do Rexistro.*

A información de que dispoña o Rexistro de cada buque ou embarcación histórico ou das súas reproducións senlleiras é pública, coa excepción daqueles documentos achegados para a súa inscrición, para cuxo acceso é precisa autorización expresa dos seus titulares rexistrais.

Artigo 12. *Baixa no Rexistro.*

1. Darase de baixa no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Por cambio de pavillón.
- b) Por perda total por mor de accidente.
- c) Por inscrición noutro rexistro que non sexa compatible co mantemento da súa inscrición no de buques e embarcacións históricos.
- d) Por solicitude do titular rexistral, presentada na mesma forma prevista no artigo 7.1, que acreditará a identidade do solicitante e a causa que motiva a baixa no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.
- e) De oficio por parte do encargado do Rexistro, cando concorra causa que así o xustifique e logo de audiencia do titular rexistral.

2. Nos supostos d) e e) do punto anterior, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución de baixa no Rexistro será de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no Rexistro da Dirección Xeral da Mariña Mercante ou desde a data do acordo de iniciación.

3. Cando o procedemento de baixa no Rexistro se iniciase por solicitude do titular rexistral, entenderase denegada unha vez transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa.

4. A resolución da baixa no Rexistro será impugnabile ante o director xeral da Mariña Mercante.

Artigo 13. *Colaboración institucional.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante promoverá a colaboración cos museos navais e marítimos españois, calquera que sexa a súa titularidade, para os seguintes fins:

a) A determinación dos criterios empregados para a inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras, de acordo con estándares internacionais.

b) A realización de consultas verbo do carácter histórico dun buque ou embarcación.

c) A difusión e conservación da historia e o patrimonio naval español.

2. Así mesmo, para os mesmos fins promoverase a colaboración con asociacións e institucións entre cuxas actividades se inclúa a promoción do patrimonio marítimo español.

CAPÍTULO III

Da documentación dos buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras

Artigo 14. *Documentación.*

1. Os buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras deberán contar cos seguintes documentos e certificados, de conformidade coas normas xerais aplicables:

a) A patente de navegación cando teñan un número de unidades de arqueo bruto (GT) igual ou superior a 20.

b) O rol de despacho e dotación cando teña tripulación profesional.

c) A documentación acreditativa dos seguros ou garantías financeiras constituídas para a cobertura de riscos en atención á actividade que desenvolvan.

2. Os buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras contarán, en todo caso, cun certificado de cumprimento.

O certificado de cumprimento é o documento que aprobará a Administración marítima, no cal se conterán as medidas de seguridade, operacionais e anticontaminantes que sexan exhibibles a cada buque ou embarcación en función das súas características e actividade.

O certificado de cumprimento incluírá a determinación das inspeccións a que se deban someter o buque ou embarcación e a declaración de que respectan os requirimentos previstos para estes.

O certificado de cumprimento indicará tamén os certificados que poidan exixir os convenios internacionais e que resulten aplicables ao buque ou embarcación.

O director xeral da Mariña Mercante poderá aprobar as directrices que cómpre ter en conta para a aprobación dos certificados de cumprimento.

3. Os buques e embarcacións históricas e as súas reproducións senlleiras suxeitaranse ao réxime de despacho simplificado. Quedan exentos desta obriga os buques ou embarcacións históricas que non teñan tripulación profesional.

Artigo 15. *Elementos identificativos dos buques e embarcacións históricas.*

1. A Administración marítima, tendo en conta a proposta do titular rexistral de cada buque ou embarcación histórico ou a súa reprodución senlleira, determinará a posición, fixación e material dos seus elementos identificativos, que serán o nome, a matrícula placa do rexistro, o gallardete e o número IMO, se o tiver. A placa do rexistro e o

gallardete indicarán a inscrición no Rexistro de buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras.

2. Os buques e embarcacións históricos e as súas reproducións poderán utilizar o pavillón histórico, formado pola actual bandeira, de acordo co disposto no Real decreto 2335/1980, do 10 de outubro, polo que se regula o uso da bandeira de España e outras bandeiras e estandartes a bordo dos buques nacionais, coa coroa real nas súas cores, á cal se incorpora unha áncora inclinada, de cor azul mariña, no ángulo superior á hasta.

3. Cando o buque ou a embarcación históricos, ou a reprodución senlleira de que se trate, formen parte do patrimonio histórico, será o Ministerio de Cultura e Deporte ou, de ser o caso, o órgano que en cada comunidade autónoma teña ao seu cargo a protección do patrimonio histórico, o que determine finalmente a posición, fixación e material de cada elemento identificativo.

CAPÍTULO IV

Da seguridade, mantemento e mellora dos buques e embarcacións históricos e das súas reproducións senlleiras

Artigo 16. *Requisitos de seguridade e da protección da contaminación.*

1. Os buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras cumprirán os requisitos establecidos no certificado de cumprimento.

2. Os requisitos dos buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras estableceranse tendo en conta as características de cada buque ou embarcación, a finalidade dos servizos que vaian prestar e as navegacións previstas.

Cando sexa preciso, determinaranse medidas complementarias de carácter operacional e restricións específicas para a súa navegación, de acordo co seu sistema de xestión.

3. Establécese para os buques e embarcacións históricos o prazo de cinco anos para seren postos en seco para efectuar as inspeccións relacionadas coa obra viva. Cando o buque ou embarcación teña o casco de madeira, este prazo será de tres anos.

Estes prazos non rexen cando se producen accidentes ou avarías que poñan en grave perigo a seguridade marítima ou a conservación do ambiente mariño. En tales circunstancias, o director xeral de Mariña Mercante poderá ditar resolución pola cal estableza un prazo distinto para buques ou embarcacións históricos concretos.

Artigo 17. *Control da seguridade.*

O control técnico dos requisitos de seguridade e dos exixibles para previr a contaminación realizarano os órganos competentes da Dirección Xeral da Mariña Mercante mediante plans e programas individualizados de inspección e control.

Os buques e embarcacións e as súas reproducións deberán ser inspeccionados de conformidade co establecido nos seus certificados de cumprimento, sen que se lles poidan exixir requisitos adicionais.

Artigo 18. *Navegación de buques e embarcacións históricos ou reproducións senlleiras estranxeiros en espazos marítimos españois.*

1. Os servizos de inspección das capitanías marítimas poderán realizar controis nos buques ou embarcacións históricos ou reproducións senlleiras estranxeiros para comprobaren que os seus certificados están en vigor e que todos os seus equipamentos, incluídos os de cámara de máquinas, cumpren cos mínimos requisitos exixidos pola súa lei nacional.

2. Cando se inspeccione un buque ou embarcación estranxeiro que enarbore pavillón dun Estado que non sexa parte de convenios internacionais ou memorandos

sobre buques tradicionais ou históricos de que España sexa parte, a Dirección Xeral da Mariña Mercante garantizará que non reciben un trato máis favorable que o outorgado aos que enarboren pavillón dun Estado que sexa parte dos referidos convenios ou memorandos.

3. Na inspección dos buques ou embarcacións históricos ou reproducións senlleiras estranxeiros poderase comprobar a capacitación da tripulación en materias de seguridade e prevención da contaminación.

4. En caso de ausencia de certificados en vigor, de existencia de claros indicios de incumprimento das condicións exixidas na documentación do buque ou embarcación e nos seus equipamentos, ou se a tripulación non está adecuadamente capacitada, a capitanía marítima informará a Dirección Xeral da Mariña Mercante para a súa notificación á Administración marítima do Estado de bandeira.

5. No caso que as deficiencias poidan representar un risco claro e inmediato para a seguridade, saúde ou ambiente, o servizo de inspección prohibirá a saída do porto do buque ou embarcación histórico ou da reprodución senlleira estranxeira ata que o risco sexa eliminado. Para levar a cabo esta detención do buque ou embarcación serán aplicados os principios que se establecen no memorando de Acordo de París («Paris MOU») en materia de control polo Estado do porto.

A detención do buque ou embarcación notificaráselle o máis axiña posible á Administración marítima do Estado de bandeira, incluíndo copia do informe da inspección realizada.

Artigo 19. *Emisión de documentos e certificados. Organizacións autorizadas.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante outorgará, concluída a inspección, un novo certificado de cumprimento, mediante o cal confirmará que o buque ou embarcación histórico ou a reprodución senlleira cumpre cos requirimentos específicos establecidos para ela. No certificado de cumprimento especificaranse as medidas concretas para o cumprimento das finalidades dos convenios internacionais marítimos que lles sexan de aplicación e dos cales España sexa parte.

2. A Dirección Xeral de Mariña Mercante autorizaralles a organizacións de clasificación de buques recoñecidas a realización das actuacións materiais e, de ser o caso, a emisión ou renovación dos correspondentes certificados, nos casos e condicións previstos con carácter xeral para o resto de buques e embarcacións.

Artigo 20. *Mantemento e mellora dos buques e embarcacións históricos e das súas reproducións senlleiras.*

1. Calquera obra de mantemento ou mellora que altere ou poida alterar os elementos do buque ou embarcación histórico ou da reprodución senlleira deberá ser aprobada e controlada pola Administración marítima, na forma prevista na normativa de inspección e certificación de buques civís.

2. No caso de que o buque ou embarcación formen parte do patrimonio histórico, ademais, precísase a autorización previa e o control posterior, de ser o caso, do Ministerio de Cultura e Deporte ou, segundo corresponda, do órgano que en cada comunidade autónoma teña ao seu cargo a protección do patrimonio histórico.

CAPÍTULO V

Réxime económico, social e fiscal

Artigo 21. *Réxime de transmisión e dereitos relacionados coa titularidade dos buques e embarcacións históricos e das súas reproducións senlleiras.*

As transmisións e dereitos relacionados coa titularidade de buques e embarcacións históricos ou das súas reproducións senlleiras incluídos no Inventario xeral de bens

mobles do patrimonio histórico español deberán respectar as limitacións que, verbo diso, establecen o artigo 5 e os títulos III e IV da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Os rexistradores de bens mobles non inscribirán, cando proceda, ningún documento polo cal se transmita a propiedade ou calquera outro dereito real sobre os bens a que fai referencia este artigo sen que se acredite que se cumpren cantos requisitos se recollen na citada lei.

Artigo 22. *Réxime de voluntariado.*

As actividades que se desenvolven nos buques e embarcacións históricos ou nas súas reproducións senlleiras terán a consideración de voluntariado cultural cando se axusten ao disposto nos artigos 3 e 6.1.d) da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

Artigo 23. *Beneficios fiscais.*

Os buques e embarcacións históricos e as súas reproducións senlleiras terán as bonificacións nas taxas portuarias e da mariña mercante, e os beneficios fiscais que se establezan nas leis.

Artigo 24. *Inspeccións e auditorías.*

As inspeccións e auditorías realizadas pola Administración marítima nos buques e embarcacións históricos e nas súas reproducións senlleiras para o control da seguridade e contaminación non comportarán o pagamento de ningunha contraprestación.

Artigo 25. *Réxime de entradas e saídas do territorio español.*

1. A saída do territorio nacional dos buques e embarcacións históricos e das súas reproducións senlleiras que formen parte do patrimonio histórico español estarán sometidas ás condicións e limitacións establecidas no artigo 31 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

2. O propietario, navieiro ou armador daqueles buques e embarcacións históricos ou das súas reproducións senlleiras que vaian saír de España para participaren en eventos culturais noutros Estados informarán a capitanía marítima do porto de saída con, polo menos, 15 días de antelación. Na comunicación deberanse especificar o Estado ou estados a que se dirixe, o evento ou eventos en que participará e a data prevista de regreso a España.

Esta obriga de información non será exixible ás embarcacións ou iates clásicos de propiedade privada.